



RUTA DO CASTRO

Club de Montaña O Carroucho

8 de Marzo de 2014

Antes de poñernos a andar é imprescindible poñer botas de montaña, posto que as pistas e os cruzamentos de ríos nos obrigan a iso, ao ser unha zona de gran número de regatos e mananciais.

A nosa ruta comeza no “Pórtico de Ancares” en San Román de Cervantes, a pequena e antiga vila, capital do concello do seu nome, situada nunha aba das estribacións dos Montes de Cervantes, duns 100 habitantes e rodeada polos ríos troiteiros Navia e Castro.

Esta parroquia de San Román de Cervantes, de orixe moi antiga e “castrexa” (Castro de Santa María e Minas do Castro e O Corozo) exerceu sempre a capitalidade da xurisdición de Cervantes na que exercían señorío o Hospital de San Miguel de Santiago de Compostela e os Condes de Gramal.



Sáimos de San Román, ao lado da “Casa do Concello” onde hai unha pequena praza da cal sae un camiño ao fondo, que nos levará ata o Complexo Etnográfico, onde poderemos visitar unha reconstrución das típicas pallozas dos Ancares. Seguindo polo camiño que bordea a parte superior das pallozas, comezamos a descender ata chegar ao río Castro.

Cruzarémolo por unha ponte e subimos por un camiño que nos levará ao Castro de Santa María, que data do s. II d.C. Fronte á escavación do castro obsérvase unha pequena lomba chamada Castrillón onde ao parecer estaba situada a torre de vixilancia desta fortaleza.

Unha vez visitado o castro descenderemos cara ao río,

Lebrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Datos Básicos

- Comezo: San Román
- Remate: San Román
- Distancia lineal: 8,5 km.
- Duración aproximada: 3 horas
- Dificultade: Baixa-Media
- Altura máxima: 705 m
- Altura mínima: 492 m
- Acumul.: \uparrow 536 m / \downarrow 492 m

teremos que estar atentos posto que os sinais “brillan pola súa ausencia”. Nunha bifurcación teremos que ir á dereita aínda que un peche dun terreiro nos invite a seguir de fronte, xusto ao lado do peche sae un camiño á túa dereita que baixa cara ao río, onde encontramos un antigo muíño e unha pasarela que nos permitirá cruzar ao outro lado (bo lugar este para un pequeno descanso e un refrixerio).


Comezaremos a suba pasando preto do Castrillón, e dirixíndonos ao pobo



de Castelo de Casi. Unha vez alí bordeámolo pola parte de abaixo, á dereita, sen chegar a el e descenderemos cara ao Regueiro de Castelo, punto onde comezará a nosa suba novamente ata San Román, chegando así ao final da nosa pequena

pero intensa ruta. Tras o tempo de rigor para acudir a tomar algo fresquiño e desaugar, trasladarémonos en bus a Doncos, concretamente ao restaurante “Villacol”, onde nos espera esa comida que gañamos coa nosa pequena marcha mañaneira. O menú será:

- 1º Prato) Sopa de Cocido.
- 2º Prato) Cocido do Cebreiro. (cachucha, chourizos, lacón, espiñazo, touciño, androlla, patacas, verdura galega e grelos.
- Sobremesa: Queixo artesán do Cebreiro, marmeleiro e filloas.
- Viño da casa, gasosa, auga, cervexa, e refrescos. Café de pota e chupitos.



Próxima cita:
5 Abril
Fraga do Barragán



O Carroucho
www.carroucho.org